

II Conferencia do Forum Euro-Latinoamericano de Torino

Mércores, 04 de Febreiro do 2009

A Dirección Xeral de I+D+i da Consellaría de Innovación e Industria patrocina e acolle a II Conferencia do Forum Euro-Latinoamericano de Torino, que se celebrará en Santiago de Compostela do 1 ao 3 de abril baixo o título "Sistemas rexionais de innovación: da visión á realidade".

Este Forum ten como propósito central reunir aos principais actores institucionais, públicos e privados, interesados na utilización de coñecementos e innovacións tecnolóxicas no desenvolvemento local de América Latina e Europa. As rexións socias do Forum son: Galicia e Castela e León (Estado español), Piemonte (Italia), Rhône Alpes (Francia), Córdoba, Mendoza e Rafaela (Arxentina), Valparaíso e Antofagasta (Chile), Santa Catarina e Minas Gerais (Brasil), Antioquía e Valle del Cauca (Colombia), Estado de Jalisco e Sonora (México).

A Conferencia que se celebrará en Galicia está dirixida a todos aqueles axentes que participan dos procesos de innovación nas súas rexións e que están interesados en ampliar os seus horizontes de colaboración internacional: axencias de desenvolvemento e de promoción da innovación, asociacións empresariais, clústers, centros tecnolóxicos, universidades, sector financeiro, etc.

Ao longo dos tres días levaranse a cabo sesións plenarias, traballo en grupo e visitas técnicas a institucións galegas. Os temas xerais escollidos para os grupos de traballo son:

- "Tecnoloxía para alimentos" (grupo dirixido por Lorenzo Miguel Pastrana Castro, director do Centro de investigación, Transferencia e Innovación da Universidade de Vigo)
 - "Energías renovables" (grupo dirixido por Claude Graff, presidente de Tenerrdis- Francia)
 - "Xestión medioambiental" (grupo dirixido por Juan M. Lema Rodicio, catedrático de Enxeñería Química da USC, e José Álvarez Díaz, presidente de SOGAMA)
 - "TICs" (grupo dirixido por Giovanni Colombo, do European Institute of Innovation and Technology- Italia)
- Información completa, programa e inscrición na web